



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)			Análise das Operacións Financeiras	
Código			611G01004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Suarez Massa, Maria Isabel Ana	Correo electrónico	isabel.suarez.massa@udc.es	
Profesorado	Boedo Vilabella, Lucia Pérez Seijo, Jorge Puime Guillén, Félix Suarez Massa, Maria Isabel Ana	Correo electrónico	lucia.boedo@udc.es jorge.perez.seijo@udc.es felix.puime@udc.es isabel.suarez.massa@udc.es	
Web	udc.fernandoaguiar.es			
Descrición xeral	<p>O obxectivo da materia é coñecer:</p> <p>a) Os elementos que interveñen nas operacións financeiras.</p> <p>b) As leis financeiras máis empregadas na práctica financeira.</p> <p>c) As características, operacións e utilidade das operacións financeiras máis comúns.</p>			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os principios que rexen o funcionamento das leis financeiras utilizadas na práctica, xunto coa súa aplicación a operacións financeiras concretas.	A1		C4
	A2		C5
	A8		
	A9		
	A11		
Coñecer e identificar o concepto de operación financeira, así como dos seus compoñentes, custos e rendementos. Saber utilizar estes conceptos en operacións financeiras concretas e, particularmente, nos conceptos de TAE e Custo Amortizado.	A3		C1
	A4		
	A8		
	A9		
	A11		
Coñecer, valorar e desenvolver operacións de préstamo, tanto dende o punto de vista do prestamista coma do prestatario.	A8		C7
	A9		
	A11		
	A12		



<p>-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo</p> <p>-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo</p> <p>-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de indole social, científica ou ética.</p> <p>-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado</p> <p>-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía</p>		<p>B1</p> <p>B2</p> <p>B3</p> <p>B4</p> <p>B5</p>	
<p>Ser capaz de valorar rendas financeiras así como identificar en que operacións económico-financieras e para que han de ser aplicados tales valores.</p>	<p>A5</p> <p>A6</p> <p>A8</p> <p>A9</p> <p>A11</p>		<p>C8</p>
<p>Utilizar as ferramentas informáticas axeitadas para lograr máis eficiencia nos cálculos necesarios nos apartados anteriores.</p>	<p>A9</p> <p>A10</p> <p>A11</p>		<p>C6</p>
<p>- Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais</p> <p>-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización</p> <p>-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.</p> <p>-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados</p> <p>-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.</p>	<p>A7</p>	<p>B6</p> <p>B7</p> <p>B8</p> <p>B9</p> <p>B10</p>	<p>C2</p> <p>C3</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Leis financeiras. Conceptos xerais</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto de ben económico. 2. A actividade económica e a actividade financeira. 3. Concepto de capital financeiro e representación gráfica. 4. Proxección financeira: concepto e clases. 5. Leis financeiras: concepto, características e propiedades. 6. Equivalencia e orde financeiras. 7. Magnitudes derivadas. 8. Sistemas financeiros. Concepto e clases. 9. Operacións con capitais financeiros



Leis financeiras utilizadas na práctica.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Capitalización simple e composta. 2. Desconto simple comercial e racional ou matemático. Desconto composto comercial e racional. 3. Capitalización continua. 4. Tipos de interese equivalentes. 5. Suma financeira e capital unificado.
Operacións financeiras.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto, clases e compoñentes. O equilibrio financeiro. 2. Reserva matemática ou saldo financeiro. Concepto e métodos de determinación. 3. Custos e rendementos efectivos. 4. Aplicacións prácticas. O concepto de TAE. O custo e rendemento efectivos nas normas de valoración do Plan Xeral de Contabilidade. O cadro de Custo Amortizado de acordo ás normas de valoración do Plan Xeral de Contabilidade.
Valoración de rendas.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto, compoñentes e clases de rendas. 2. Valoración de rendas. Método xeral e casos particulares. 3. Aplicacións prácticas. Obtención do Valor Actual Neto ou Valor Capital dun investimento. Constitución de capitais.
Operacións de préstamo.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto de préstamo. Tipoloxía dos préstamos. 2. O equilibrio financeiro nas operacións de préstamo. 3. Cadros de amortización. Concepto, clases e obtención destes segundo as diferentes tipoloxías. 4. Valor financiero de un préstamo. 5. Características comerciais dos préstamos: a carencia e o reembolso anticipado. 6. O cálculo do custo efectivo para o prestatario, do rendemento para o prestamista e da TAE e o CER segundo normativa do Banco de España.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A5 A6 A8 A11 B2 B3 C2	2	11	13
Proba de resposta breve	A5 A6 A8 B2 B3 B4 B5	2	6	8
Solución de problemas	A7 A8 A11 B2 B1 B3 C3	25	50	75
Seminario	A3 A4 A8 A9 A10 A11 A12 B3 C6	3	6	9
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A6 A8 A11 A12 B6 B7 B8 B10 B9 C1 C4 C5 C6 C7 C8	14	30	44
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Proba mixta	<ol style="list-style-type: none">1. Consiste nun exame teórico-práctico dos contidos da materia, con preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas sobre supostos prácticos, preguntas tipo test (verdadeiro/falso), preguntas de resposta múltiple ou unha combinación dos tipos mencionados.2. O exame pode ser oral ou escrito. De non se publicar nada en contrario na páxina web da materia (Moodle) con 48 horas de antelación, o exame será escrito.3. Celebraranse nas datas, horas e aulas que a Xunta de facultad fixe oficialmente.
Proba de resposta breve	<ol style="list-style-type: none">1. Consisten nun exame sobre unha parte da materia e pode ser de respostas curtas, de tipo test (verdadeiro/falso), de resposta múltiple, de preguntas a desenvolver e de preguntas sobre supostos prácticos ou unha combinación delas.2. O exame pode ser oral ou escrito. De non dicirse nada en contrario na convocatoria da proba en Moodle, o exame será escrito. A súa duración é de entre 20 e 60 minutos.3. O grupo pode subdividirse para a realización das probas en varios subgrupos.
Solución de problemas	<ol style="list-style-type: none">1. Exposición e solución de exemplos prácticos acerca dos contidos teóricos.2. As prácticas e exemplos se intercalan cos contidos teóricos co fin de facilitar a comprensión da materia.3. Na solución dos exemplos prácticos poderase intervir: a) a iniciativa propia, tras pedir quenda de palabra b) por iniciativa do profesor, que solicitará expresamente a intervención.4. Formularanse exercicios a realizar en horas non presenciais ou de traballo autónomo. En horas presenciais posteriores farase unha revisión dos exercicios na que poderase intervir e abrirase a correspondente quenda de preguntas co fin de aclarar aqueles aspectos que se formulen sobre o contido destas .
Seminario	<p>Son un total de 4 horas adicionais de docencia que se impartirán ao longo do cuadrimestre en pequenos grupos de estudantes.</p> <p>Realizaranse en tres sesións de 80 minutos nos meses de outubro, novembro e decembro respectivamente a través de Microsoft Teams ou presencialmente e fóra do horario habitual de clase na data e hora acordadas co profesor.</p> <p>Os obxectivos do seminario son:</p> <ol style="list-style-type: none">a) Comentar calquera dúbida teórica sobre a parte da materia explicada ata ese momentob) Resolución de exercicios da parte de materia explicada ata ese momento.
Sesión maxistral	<p>Sesión maxistral</p> <ol style="list-style-type: none">1. Exposición nas clases presenciais dos contidos teóricos e prácticos da materia co obxecto de que orientar na preparación da materia.2. O tempo dedicado a cada un dos capítulos en que está dividida a materia será proporcional ao grao de dificultade na preparación destes e á súa extensión, de modo tal que non se dedicará o mesmo tempo a cada un dos capítulos, senón que se profundará máis nuns que noutros. Todo iso, a xuízo do profesor que imparte a materia.3. Para a preparación dos capítulos de menor dificultade de comprensión poderíase remitir a consultar á bibliografía, aínda que nese caso nas clases presenciais orientaráselle acerca de: a) que fontes concretas se recomenda utilizar b) que aspectos son os máis relevantes e de maior interese en orde a alcanzar os resultados da aprendizaxe establecidos para a materia.



Metodoloxías	Descrición
Seminario Sesión maxistral Solución de problemas	<ol style="list-style-type: none">1. Na sesión maxistral, poderase intervir, despois de pedir a palabra, para preguntar, aclarar ou presentar o seu punto de vista sobre o tema que se está a debater no momento da súa intervención.2. Na resolución de problemas e nos seminarios (TGR), que se realizarán na forma descrita no apartado de metodoloxía, poderase intervir segundo o indicado no devandito apartado.3. Nos horarios de titoría fixados por cada docente, atenderase, previa solicitude de cita e cos límites establecidos pola normativa de dedicación docente da facultade da UDC para aclarar aquelas dúbidas que xurdan para a preparación da materia. .4. Sen mencionar a persoa que evacuou a consulta, esta pode publicarse en Moodle, xunto coa súa resposta, para que outros estudantes poidan aproveitalo. Todo isto se o profesor o considera adecuado e de interese xeral.5. Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica de asistencia, acordarán ao comezo do curso un calendario específico de titorías compatibles coa súa dedicación. Para iso, debes contactar co profesor durante os dez primeiros días do cuatrimestre no que se imparte a materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta breve	A5 A6 A8 B2 B3 B4 B5	<ol style="list-style-type: none">1. Dúas probas ao longo do cuadrimestre.2. O primeiro inclúe os ítems 1 e 2 e supón o 25 % da nota na avaliación final da primeira oportunidade, o segundo inclúe o ítem 3 e supón o 20 % da nota da avaliación final na primeira oportunidade.2. Consisten nun exame seguindo os criterios establecidos nas metodoloxías	45
Proba mixta	A5 A6 A8 A11 B2 B3 C2	<ol style="list-style-type: none">1. Trátase dunha proba única para cada unha das oportunidades de avaliación da convocatoria.2. Na primeira oportunidade, realizarase un exame dos puntos 4 e 5 do programa, que suporá o 55 % da nota da avaliación final. Na segunda oportunidade realizarase un exame da materia total e supón o 100% da nota de avaliación.3. Estas probas realizaranse nas datas oficiais seguindo os criterios establecidos nas metodoloxías.4. Nos exames tipo test (verdadeiro/falso) e nas de resposta múltiple as preguntas mal respondidas puntuarán negativo.	55

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información.

2. Identificación do estudante: O estudante deberá acreditar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

B) TIPOS DE CALIFICACION:

1. Calificación de non presentado: Corresponde a quen só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención de asistencia á exención de asistencia:

A avaliación destes rexeráse polos mesmos criterios aplicados ao resto do alumnado. Para a realización das probas de resposta breve deberán porse en comunicación cos seus profesores a comezo do curso académico co fin de acordar un calendario específico compatible coa súa dedicación

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade. Aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente mencionados neste apartado: dúas probas ao longo do cuadrimestre e unha terceira na data do exame oficial.

2. Segunda oportunidade. Haberá un único exame que inclúe todo o temario e suporá o 100% da nota final desta oportunidade. As cualificacións obtidas nas probas realizadas para optar á primeira oportunidade non se terán en conta en ningún caso para optar a esta segunda oportunidade.

3. Convocatoria anticipada. Realizarase unha proba mixta dirixida a avaliar todas as competencias e contidos da materia. O resultado obtido nesta proba suporá o 100% da nota final obtida polo alumno.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

Os únicos

utensilios cos que está permitido o acceso ao recinto da proba son os básicos para contestar o exame: lapis, bolígrafo ou pluma, goma de borrar e calculadora electrónica non programable. Está expresamente prohibido o acceso ao recinto do exame con: a) teléfonos móbiles e calquera outros dispositivos capaces de comunicación a distancia e/ou de almacenamento de información; b) apuntamentos, anotacións, libros ou material similar que non fose autorizado expresamente na convocatoria do exame ou na páxina web (Moodle) da materia. A non observancia desta norma supón que se considere realizada a proba en fraude e iso con independencia de que quen teña no recinto da proba tales dispositivos ou material sinalado utilizáseos ou non no curso desta. As probas non realizadas puntúan como cero. As realizadas en fraude supoñen a cualificación de cero puntos na convocatoria quedando invalidada calquera cualificación que o alumno puidese obter durante o curso mediante a realización das actividades de avaliación.

Os criterios de puntuación de cada unha das probas daranse a coñecer no momento da proba e forneceranse xunto co enunciado desta.



<p>Bibliografía básica</p>	<p>- Aguiar Maragoto, F. J. y Martínez Fernández, P. (2009). Apuntes de Análisis de las operaciones financieras.</p> <p>- Joaquín Enríquez Díaz (2018). Matemáticas financieras: a través de supuestos prácticos. A Coruña Repronor SL</p> <p>- J. Enríquez Díaz y R. Pesqueira Sanchez (2020). Matemáticas financieras. Teoría y práctica. Santiago. Andavira</p> <p>BIBLIOGRAFÍA ELECTRÓNICA: Ramón Pintado, T. María del Carmen Lozano Gutiérrez y Ramón Llorens, M. C. (2015). Matemáticas de las operaciones financieras. Universidad Politécnica de Cartagena. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/44000 Tomás, N. (2015). Operaciones financieras en diversos escenarios. Ediciones UNL. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/78509 Montero Espinosa Curso de matemáticas financieras https://www.youtube.com/channel/UCiSbnw9sZjvuxbp1s3zelnQ David Moreno Muñoz, María Gutiérrez Urtiaga Ramón Pintado, T. María del Carmen Lozano Gutiérrez y Ramón Llorens, M. C. (2015). Matemáticas de las operaciones financieras. Universidad Politécnica de Cartagena. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/44000 Giménez Morera, A. Soler Orts, L. y Pascual Plá, B. (2016). Aplicación práctica de las matemáticas de operaciones financieras y la contabilidad. Editorial de la Universidad Politécnica de Valencia. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/57422 Ramón Pintado, T. Lozano Gutiérrez, M. C. y Ramón Llorens, M. C. (2016). Ejercicios resueltos: matemática de las operaciones financieras. Conceptos básicos. Universidad Politécnica de Cartagena. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/44005 Andrade López, J. C. (2017). Ejercicios resueltos de matemáticas financieras. Ecoe Ediciones. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/70494?page=15 BIBLIOGRAFÍA ELECTRÓNICA (INGLÉS): Lozano Gutiérrez, M. C. y Ramón Llorens, M. C. (2017). Financial mathematics: fundamental concepts. Universidad Politécnica de Cartagena. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaudc/44010</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>- Pallerola Comamala, J. (2008). Matemática financiera para el nuevo Plan General de Contabilidad. Madrid. Editorial Ra-Ma</p> <p>- González Velasco, M. del C. (2007). Contabilidad Madrid. Editorial Ra-Ma Libro Subir González Velasco, M. del C. 2007 Análisis de las operaciones financieras (Core Syllabus for Actuarial Training in Europe). Pamplona. Editorial Aranzadi, S.A.</p> <p>- Bravo Monroy, R. (2004). 4 Matemáticas financieras. Teoría y ejercicios. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces</p> <p>- Cabello González, J. M. (2006). Valoración financiera. Teoría y práctica con Excel. Madrid. Delta Publicaciones</p> <p>- Bonilla Musoles, M., Ivars Escortell, A. y Moya Clemente, I. (2006). Matemática de la operaciones financieras. Teoría y práctica. Madrid. Ed. Thomson</p> <p>O texto de referencia para seguir o curso é o libro de Aguiar Maragoto e Martínez Fernández. O enderezo electrónico para acceder a ela facilitarase ao alumno o día da presentación da materia. O resto do material recomendado está accesible de forma virtual ou na biblioteca da facultade.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade Financeira I/611G02013

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Teoría do Investimento/611G02020

Teoría do Financiamento/611G02021

Observacións



1.- Débese facer un uso sostible dos recursos co fin de evitar impactos negativos sobre o medio natural.2.- O comportamento persoal e profesional debe guiarse por principios éticos.3.- Terase en conta na medida do posible a perspectiva de xénero.4.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e promover valores de respecto e igualdade.5.- Se se detectan situacións de discriminación por razón de xénero, proporanse actuacións e medidas para corrixilas.6.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais experimente dificultades para acceder a unha vida universitaria adecuada, igualitaria e beneficiosa.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías